

## Pleno do Comité N° 28 - 6 de novembro de 2017

**1.- Actas:** Apróbanse as actas 26 (coas nosas propostas de modificación) e 27.

**2.- Comisións:** Celebrouse unha reunión da subcomisión de incendios o pasado 31 de outubro onde se trataron os temas habituais: lectura das actas interdepartamentais, simulacros, selado de ocos...

Unha vez máis o tema “estrela” volve ser o selado de ocos, é unha cuestión que se repite ano tras ano á que non se lle dá unha solución definitiva. Cando nunha sala (ou sector de incendios) se abre un oco para pasar cables, debe pecharse nada máis rematar o traballo para evitar a propagación do lume en caso de incendio.

A teoría di que o que abre o oco debe pechalo despois pero na práctica sempre quedan moitos ocos por pechar e iso é unha deficiencia importante de cara á seguridade dos traballadores e traballadoras. A día de hoxe non existe nin un listado dos ocos abertos nos edificios de Telefónica o cal demostra a escasa implicación da propia empresa, tamén chama a atención que, sendo un tema importante, non estean recollidos nos listados existentes de puntos a solucionar. Acordouse que se asignaría un presuposto para selar ocos pero non entendemos moi ben como se vai facer se non existe nin un listado deles.

**3.- Riscos Psicosociais:** Tratouse o falado na Inspección de Traballo o pasado 26 de outubro onde membros do Comité da Coruña estivemos reunidos coa inspectora que leva esta denuncia. O resultado das enquisas mostra con claridade que a situación non mellorou dende a enquisa anterior, algúns parámetros incluso empeoraron, e as propostas da empresa son case iguais ás que propuxera no 2014 e que non melloraron a situación en Comercial. Ademais hai que ter en conta que a empresa non entregou os datos da provincia da Coruña, senón os globais do territorio, co cal é probable que os da Coruña sexan aínda peores que os datos globais.

A inspectora comentou que falaría de novo coa empresa e que convocaría outra reunión conxunta (Inspección, Comité e Empresa) para tratar de pechar o tema da maneira que proceda, algúns entendemos que debería haber unha acta de infracción contra Telefónica que obrigue á empresa a modificar as condicións laborais. Non chega con impoñer unha multa económica, os traballadores e traballadoras de Comercial teñen dereito a unhas condicións laborais que non poñan en risco a súa saúde.

**4.- Varios:** Chegaron varias reestruturacións que, coma case sempre, veñen sen xustificación. A empresa usa a mesma escusa para reestruturacións que nada teñen que ver, aínda que a empresa poida reestruturarnos como lle conveña, hai que esixir que xustifique os movementos como é debido.

Neste punto tamén comentamos as vacacións rotativas pois hai dúbidas en moitos departamentos de como se establecerá a roda para asignar as prioridades. Seica RRHH enviará “instrucións” aos responsables das diferentes áreas sobre como se deben establecer os grupos para as rotacións. O que está claro é que o redactado literal do convenio (4 grupos) non serve para moitos departamentos onde hai moi pouco persoal e que habería que usar o sentido común para evitar prexuízos para os traballadores e traballadoras.

Próxima Permanente: **Venres 17 de novembro** | Próximo Pleno: **Luns 11 de decembro**.